



ESTE CERTAME DÁ RISA

O certame de interior do Festiclown rematou onte facendo rir ó público tal e como empezara.



O FESTIVAL "ENGAIOLOU" Ó PÚBLICO

Dende a organización do Festiclown afirman que os pontevedreses están "engaiolados" polo festival.



ARÚA ESTÁ INVADIDA POLOS PALLASOS

Pontevedra é un gran circo onde nas prazas pode suceder de todo, ata números espectaculares.

VERANEANTES

ANOTICIA

Belén López

A Fundación Bóveda virá a Pontevedra

Despois de compartila capitalidade do Ano Sarmiento con Villafranca del Bierzo, Pontevedra non se desvincula deste tipo de conmemoracións culturais. Onte mesmo, o alcalde da cidade, Miguel Anxo Fernández Lores, mantíña unha reunión cos representantes da Fundación Alexandre Bóveda que están a manter unha ronda de contactos con institucións e personalidades para organiza-la celebración do centenario do nacemento do galeguista en 2003. Dentro duns días, os mesmos representantes serán recibidos polo presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, para falar das actividades deste aniversario. Pontevedra, xunto con Ourense, volverá ser capital cultural galega o ano que vén grazas a Bóveda.

Da reunión no Concello non só saíu o compromiso de colaboración coa Fundación por parte de Pontevedra no que á organización de actividades se refire. Así o anunciaba despois da xuntanza o concelleiro de Cultura, Luís Bará. "Dende a Fundación fíxoselle ó Concello unha petición concreta de cesión dun espazo para convertilo na súa sede ademais de nun centro de estudos e documentación". O concelleiro confirmou que Pontevedra será a cidade dende a que traballará a Fundación Alexandre Bóveda, ata o momento sen domicilio. "Como opción inmediata, comezará a traballar dende o Pazo da Cultura. Esta situación, por suposto, é transitoria. A partir de aquí barallaremos outros locais máis apropiados para ese centro de documentación sobre Bóveda que se pretende construír". Algunhas das opcións das que se falará entre a Fundación e o Concello pasan polos edificios rehabilitados do centro histórico de Pontevedra tal como a Casa da Luz. A próxima toma de contacto entre a Fundación e o Concello será o día 26 de xullo no Pazo da Cultura.

Todo listo para sintonizar a Jango

Hoxe dá comezo a Mostra Internacional de Clown de Galicia coa posta en escena de Jango Edwards ás dez e media da noite no Teatro Principal. Se vas, seguro que o pasas ben. Por riba, é por unha boa causa



Marcelo.min actuando na obra 'La máscara', onte, na praza da Peregrina // GONZALO GARCÍA

B.L. **Pontevedra** ♦ Actividades polas rúas e actividades no Teatro Principal sen descanso. A xente xa sabe en Pontevedra que comezou o Festival Internacional de Clown de Galicia, Festiclown. Dende hoxe, os espectáculos da Mostra Internacional lograrán que todo o mundo que teña ganas dun sorriso xire a cabeza cara Pontevedra e atenda ó que aquí está pasando.

O encargado de abrir fogo será Jango Edwards. Foi precisamente o primeiro dos artistas en acudir a pre-

Fondoclown solidario

A media mañá, no Teatro Principal, os medios de comunicación están convocados para que a organización do Festiclown explique a qué se destinará a recadación dos espectáculos este ano. A intención do festival é financiar unha caravana de 'Payasos sin fronteras' a Palestina. Mañá, contámoslles.

sentar o seu espectáculo no Festiclown 2002. Baixo o lema 'Wfun radio 121' hoxe fará tolear ó Teatro Principal gracias a unha posta en es-

cena na que recrea a gravación dun programa radiofónico. Segundo di, non é necesario saber inglés para entendelo que pasa riba do escenario.

Ademais cada actuación é única porque Edwards e os seus colaboradores levan a improvisación á súa máxima expresión adaptando cada espectáculo ó público presente na sala. Cando xa se cruzou o ecuador do Festiclown e xusto cando vai comezala Mostra Internacional, a organización do evento fai balance. Nunha nota de prensa comunicaban que neste "meridiano", a valoración que realizan é "moi positiva en canto a calidade artística e asistencia do público". ¡Pero se o mellor está por chegar!



Franck Meyer asinando libros nunha das casetas da praza da Ferrería // GONZALO GARCÍA

Xesús Alonso Montero revivirá 'Versos republicanos' na Feira

B.L. **Pontevedra** ♦ Franck Meyer, toda unha promesa da poesía galega, pasou onte pola Feira do Libro para presentalo seu último poemario 'Caderno a destempo'. Hoxe a poesía segue a protagoniza-la actividade

nas casetas da praza da Ferrería. De feito, pásase de falar das rimas do futuro ás rimas históricas. A Feira do Libro de Pontevedra acolle a presentación de dous títulos. Un é 'Versos republicanos' e outros versos políticos de Xesús Alonso Montero. O outro é 'Luz de la estrella en la frente' de Emilio Álvarez Negreira. Ambos dous están editados por Hipocampo Amigo. Para falar deles estarán na Ferrería o mesmo Alonso Montero, autor do primeiro, e o editor responsable de ambos, Sabino Torres. Mañá volverá Manuel Gómez Rodríguez a dirixir un obradoiro de coiro, dende primeira hora da tarde, para cativos.

OPROGRAMA

Conta atrás

A Feira do Libro entra na súa conta atrás en Pontevedra. As actividades rematarán o domingo coa homenaxe a Xosé Vázquez Pintor. O acto central de hoxe será ás dez e media da tarde e estará protagonizado por Sabino Torres e Alonso Montero.